

ACTA da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

DATOS DA PERSOA QUE CERTIFICA

Nome: ROBERTO	1.º apelido: AMARELLE	2.º apelido: GARABÁN	NIF: 44838951Z
Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO)	Cargo: SECRETARIO		

LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Lugar:	https://acortar.link/pAtbMD		
Data:	09/03/2026	Hora:	21:30 h

PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás	X	
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia	X	
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás	X	
Javier Antoñón Clemente	Tesoureiro	Arnela		X
Teresa Bellón Santos	Responsable O-pé	Aromon	X	
Alicia Pérez Alonso	Responsable MTBO	Raza Palleira	X	
Adrián Pérez Alonso	Responsable Raids	Raza Palleira	X	
Pelayo García Acevedo	Responsable Trail-O	Aromon	X	X
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros		X
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros		X

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (09-02-2026)

Apróbase por unanimidade a acta da Xunta directiva anterior celebrada o día 09/02/2026.

2. Eleccións Fegado

A Presidenta informa das datas clave do calendario das vindeiras eleccións á Presidencia e Asamblea da Fegado. Indica a necesidade de convocar a Asemblea Xeral para o día 9 de abril de 2026, co obxectivo de aprobar o regulamento electoral e solicitar a autorización para que a actual directiva continúe exercendo en funcións ata a proclamación da nova presidencia. Así mesmo, sinala que será necesario designar dúas persoas por parte da directiva e que a Asemblea propoña outras dúas ou tres persoas para completar a constitución da xunta electoral.

3. Material subencionable Fegado

A Presidenta informa de que se recibiu un correo no que se ofrece a posibilidade de presentar adendas antes da publicación da subvención da SXD para material deportivo destinada ás Federacións. Indica que, no caso do deporte de orientación, unicamente se recollen como equipamento subvencionable as balizas e as estacións, polo que se debe valorar a conveniencia de engadir outros materiais, como compases, portamapas, pinzas SportIdent, cordas, cascos ou soportes de estacións.

4. Rogos e preguntas

Alicia pregunta pola entrega dun polo e un suadoiro para todos os DGAN, acordada nunha reunión da Xunta Directiva celebrada no mes de setembro de 2025, indicando que non hai polos suficientes para todas as persoas. Pregunta se se van solicitar máis unidades. A Presidenta responde que si, pero que é necesario elaborar previamente unha listaxe das persoas destinatarias. Ademais, sinala que na devandita acta tamén

se recolle que as persoas deportistas galegas da selección española que participaron en probas internacionais de OBM na tempada 2025 se lles debe entregar un mono de bicicleta, e aos de O-pé unha camiseta de tirantes, polo que tamén será necesario solicitar as prendas que sexan precisas.

E sen máis asuntos que tratar, a Presidenta da Federación Galega de Orientación (FEGADO) dá por finalizada esta sesión da Xunta Directiva, sendo as 22:35 horas do día antes indicado do que, como secretario, dou fe e asino dixitalmente o presente documento.